

De orde do Sr. Reitor teño a honra de convocar a V. S. á sesión ordinaria do Consello de Goberno que terá lugar o vindeiro día 28 de xuño de 2007, na Sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, ás 9.30 horas en primeira convocatoria e ás 10.00 en segunda, coa seguinte orde do día:

1. Informe do Reitor.
2. Aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior.
3. Contratos e convenios.
4. Calendario de doutoramento e procedemento de admisión e matrícula nos doutoramentos regulados polo R.D. 56/2005.
5. Aprobación, se proceder, do procedemento de elaboración de Guías Docentes e de Titulacións na Universidade da Coruña.
6. Elección de representantes de estudantado de Terceiro Ciclo na Comisión de Publicacións.
7. Elección do representante do Persoal de Administración e Servizos do Consello de Goberno no Consello Social da Universidade da Coruña.
8. Proposta de resolución da convocatoria do proceso extraordinario de dotación de prazas de axudante vinculadas a necesidades docentes e calidade investigadora.
9. Licenzas e Permisos.
10. Modificación, se proceder, da Normativa de Contratación de Profesorado por adaptación á Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril, pola que se modifica a LOU.
11. Proposta de Tribunais para concurso de acceso de profesorado habilitado.
12. Prazas de profesorado.
13. Quenda aberta de intervencións.

A documentación relativa ao punto 2 está a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría dos seus respectivos centros, na Secretaría Xeral da Universidade e na Secretaría Técnica do Campus de Ferrol. A documentación pertencente ao punto 3 está igualmente depositada na Secretaría Xeral da Universidade e na Secretaría Técnica do Campus de Ferrol. E a documentación dos puntos 3 (relación de convenios), 4, 5, 8, 9, 10, 11 e 12 achégase con esta convocatoria

Lémbrese aos membros do Consello de Goberno que poden estacionar os seus vehículos no patio interior da Reitoría mentres dure a sesión.

A Coruña, 22 de xuño de 2007  
O SECRETARIO XERAL

Asdo. Xosé Manuel Carril Vázquez

**SRES./SRAS. MEMBROS DO CONSELLO DE GOBERNO**

